## AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

*Resolución do 15 de decembro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, e se anuncia a convocatoria para o ano 2010.*

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) foi creada como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e a coordinación do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o seu despoboamento (disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, modificada pola Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996 e a Lei 5/2000).

No marco das súas funcións, desenvolvidas no Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o seu regulamento, correspóndelle a Agader a xestión dos recursos destinados á dinamización das áreas rurais de Galicia.

O Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013 (PDR), aprobado pola Comisión Europea mediante a Decisión CE (2008) 703, do 15 de febreiro, prevé no eixe 3 diversas medidas dirixidas á mellora da calidade de vida nas zonas rurais e á diversificación da economía rural, cuxa xestión corresponde a Agader. Esas medidas están financiadas, igual que as restantes que integran o PDR, polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader), xunto con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración xeral do Estado.

Dado que a promoción do desenvolvemento rural galego se debe abordar desde unha perspectiva integral, prevese, dando continuidade á liña de apoio aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia establecida no período 2008-2009 (Resolución do 18 de xuño de 2008; DOG nº 127, do 2 de xullo), o apoio a actuacións de diferente natureza, que Agader vai materializar a través da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para as seguintes medidas:

I. Diversificación cara a actividades non agrarias.

II. Creación e desenvolvemento de microempresas.

III. Fomento de actividades turísticas.

IV. Servizos básicos para a economía e a poboación rural.

V. Conservación e mellora do patrimonio rural.

No contexto do Chequeo médico da PAC e do Plan Europeo de Recuperación Económica (PERE), foi modificado o Regulamento (CE) 1698/2005, polos regulamentos (CE) 74/2009 e 473/2009, que introducen unha serie de operacións específicas asociadas aos novos retos no artigo 16 bis. Para este tipo de operacións, modificouse o artigo 70.4º do citado regulamento, que permite que a porcentaxe de cofinanciamento Feader se poida incrementar para as rexións de obxectivo Converxencia ata o 90%. A proposta de modificación do Programa de desenvolvemento rural de Galicia presentada á Comisión Europea o 15 de xullo de 2009, pendente de aprobación por decisión da Comisión, inclúe como un dos novos retos o fomento das enerxías renovables, que se implementarán a través das medidas 311, 312 e 321, que se corresponden coas medidas I, II e IV. Dada a exixencia da Comisión de establecer unha demarcación clara coas actuacións financiadas na comunidade autónoma mediante fondos Feder/Feader, Agader concentrará todos os fondos na medida 321 (IV).

As medidas que poidan afectar á competencia están amparadas, segundo se indica na regulación específica de cada unha delas, nas seccións 1 e 5 do capítulo 2 do Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas, e no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) é un ente de dereito público dos sinalados no artigo 12 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro. O seu director xeral ten delegada a aprobación dos procedementos de selección de actuacións con cargo aos recursos que lle sexan asignados para o desenvolvemento do medio rural, así como a súa xestión orzamentaria e a súa distribución, segundo o acordo do Consello de Dirección, do 21 de xuño de 2007, e o artigo 2 da Lei 12/2008, do 3 de decembro (DOG nº 134, do 11 de xullo de 2007, e nº 244, do 17 de decembro).

De acordo co anterior

*RESOLVO:*

1. Aprobar as bases reguladoras das subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia 2010-2013, que se xuntan a esta resolución como anexo I.

2. Aprobar os formularios para a xestión da convocatoria do período 2010-2013 que se xuntan a esta resolución como anexo II.

3. Convocar para o período 2010, en réxime de concorrencia competitiva, as subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, cunha dotación máxima de 3.616.000 € que se distribuirá do seguinte xeito:

| Medidas | Importe | Aplicación orzamentaria |
|---|---|---|
| I. Diversificación cara a actividades non agrarias | 300.000 | 02/31/10 656800 |
| II. Creación e desenvolvemento de microempresas | 900.000 | 02/31/ 20 656800 |
| III. Fomento de actividades turísticas | 471.000 | 02/31/30 656800 |
| IV. Servizos básicos para a economía e a poboación rural | 702.298 | 02/32/10 656800 |
| IV. Novos retos. Enerxías renovables | 1.002.443 | 02/32/11 656800 |
| V. Conservación e mellora do patrimonio rural | 240.259 | 02/32/30 656800 |
| Total............................................................................ | 3.616.000 | |

As solicitudes dirixiranse ao director xeral de Agader e presentaranse segundo os modelos do anexo II desta resolución, xunto coa documentación que se indica, no prazo de 60 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Os citados modelos poderán descargarse na páxina web de Agader http://agader.xunta.es.

Os investimentos xustificaranse documentalmente de acordo co disposto nas bases reguladoras. O prazo límite para a execución dos investimentos vinculados aos proxectos subvencionados e para a xustificación dos gastos será o 30 de novembro de 2010.

Á vista do volume das solicitudes presentadas para cada medida, mediante resolución do director xeral de Agader poderá redistribuírse entre elas o crédito aprobado, limitándose sempre ás dispoñibilidades orzamentarias. En función desas dispoñibilidades poderán incrementarse as contías destinadas ás subvencións que se convocan, sen que isto supoña ampliación do prazo de presentación de solicitudes. De acordo co disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estas circunstancias levarán parellas as modificacións orzamentarias que procedan e a oportuna publicación no DOG. Actuarase de igual xeito, cando, por razóns de dispoñibilidade orzamentaria, se acorde incrementar o crédito máximo inicialmente establecido nesta convocatoria.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor potestativamente recurso de reposición ante o Consello de Dirección de Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da citada publicación no DOG.

Segunda.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

a) Na páxina web de Agader http://agader.xunta.es.

b) No teléfono 981 54 73 82.

c) No enderezo electrónico: areadeseguimentodeinvestimentos@xunta.es.

d) Presencialmente, con cita previa no teléfono 981 54 73 82.

Terceira.-Esta convocatoria tramítase ao abeiro da orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto (DOG nº 34, do 19 de febreiro), modificada polas ordes de 27 de novembro de 2000 e de 25 do outubro de 2001 (DOG do 29 de novembro de 2000 e do 29 de outubro de 2001), de xeito que a súa adxudicación queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da dita convocatoria.

Cuarta.-As operacións que se financiarán no marco dos novos retos quedan condicionadas á aprobación da proposta de modificación do PDR por decisión da comisión.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-O director xeral de Agader poderá ditar os actos necesarios para asegurar a correcta aplicación e execución destas bases reguladoras.

Segunda. Esta resolución será aplicable desde o día da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2009.

P.D. (21-6-2007)
Antonio Crespo Iglesias
Director xeral da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

*ANEXO I*

**Bases reguladoras das subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia 2010-2013**

I. Disposicións de carácter xeral.

A) Requisitos e regras xerais.

Todos os proxectos deberán cumprir os requisitos seguintes:

1. Que non estean iniciados na data de presentación da solicitude da axuda de acordo co disposto no artigo 8.2º do Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado -DOUE L do 9 de agosto- (en diante, Regulamento xeral de exención por categorías).

Os solicitantes poderán iniciar a execución do proxecto antes da resolución de concesión da subvención sempre que acrediten que non está iniciado na data de solicitude da axuda, ben cunha acta notarial que reflicta fidedignamente o non inicio da obra ou instalación, ou ben cunha acta de non inicio levantada por Agader por petición do interesado. Non obstante, consideraranse os gastos realizados con anterioridade a título de almacenamento de máquinas, aparellos ou materiais de construción, sempre que a montaxe, instalación ou incorporación *in situ* non tivese lugar antes da presentación da solicitude ou da elaboración da acta de non inicio, así como os gastos correspondentes a honorarios técnicos, estudos de viabilidade e adquisición de patentes.

2. Que se desenvolvan no territorio de Galicia exceptuando os núcleos urbanos, definidos como tales no planeamento urbanístico vixente, das cidades de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

3. Que sexan finalistas, é dicir, que no momento da certificación final cumpran os obxectivos e funcións

para os que foron aprobados; non se admitirán fases de proxectos.

4. Que sexan viables técnica, económica e financeiramente, tratándose de proxectos de natureza produtiva, e que sexan viables financeiramente tratándose de proxectos non produtivos.

5. Que se axusten á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.

6. Que se axusten ás especificacións indicadas para cada medida e tipo de proxecto nestas bases.

As subvencións reguladas nestas bases están financiadas con fondos Feader e, polo tanto, serán incompatibles con calquera outra axuda que, para o mesmo gasto ou investimento, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros..). Tamén serán incompatibles con outras axudas encadradas en calquera dos outros eixos do PDR.

Coa excepción anterior, as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, tanto de orixe pública como privada, sempre que a intensidade máxima das axudas con fondos públicos non exceda do 50% para pequenas empresas e do 40% para as medianas empresas para proxectos encadrables nas medidas I e II, e do 100% para proxectos encadrables nas medidas III, IV e V.

No caso de axudas amparadas no Regulamento xeral de exención por categorías, o beneficiario deberá achegar unha contribución financeira, exenta de calquera tipo de apoio público, de polo menos un 25% dos custos , xa sexa mediante os seus recursos propios ou mediante financiamento externo.

Non poderán ser beneficiarias aquelas entidades que entren dentro da categoría de empresas en crise, ao abeiro da definición do artigo 1 número 7º do Regulamento xeral de exención por categorías. Tampouco poderán ser beneficiarias aquelas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Os beneficiarios das axudas, de ser o caso, estarán suxeitos ao réxime sancionador previsto no capítulo II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e desenvolto no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

B) Solicitudes.

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado (modelo A) no rexistro xeral de Agader ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante LRXAP).

Xunto coa solicitude os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

1. Documentación acreditativa da personalidade do solicitante e, de ser o caso, do seu representante legal (NIF ou DNI), así como, se é o caso, do apoderamento deste.

2. Certificado do acordo adoptado polo órgano competente polo que se aproba solicitar a axuda regulada nestas bases, se procede.

3. No caso de persoas xurídicas de carácter privado:

-Escritura de constitución e estatutos da entidade solicitante debidamente inscritos no rexistro correspondente.

-Certificación do órgano competente na cal se acredite o desempeño actual do cargo.

-Últimas contas depositadas no rexistro correspondente, para entidades mercantís, en que figure o número de empregados do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance anual, ou última memoria anual de actividades aprobada pola entidade, para o resto de entidades.

4. Declaración, segundo documento normalizado (modelo B), doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto, así como das axudas *de minimis*, para aquelas medidas que resulten de aplicación, solicitadas e/ou percibidas polos solicitantes nos tres últimos anos e a orixe dos fondos destas subvencións, debéndose indicar a orde de axudas correspondente, así como a data da resolución de concesión e, de ser o caso, de pagamento da axuda. No mesmo modelo tamén se declarará que non concorren as circunstancias previstas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante LSG).

Os membros asociados do solicitante que se comprometan a efectuar, en nome e por conta deste, a totalidade ou parte das actividades que fundamenten a concesión deberán presentar tamén a declaración citada.

5. Resumo do proxecto en documento normalizado (modelos C1 ou C2), en que se reflicta a situación de partida, os obxectivos que se perseguen coa súa posta en marcha e a metodoloxía de traballo, así como as explicacións necesarias para a correcta comprensión do proxecto. O solicitante debe ter en conta que esta información vai ser tomada en consideración para valorar o cumprimento dos requisitos dos proxectos e para aplicar os criterios do baremo sinalados na alínea K) para cada tipo de proxecto.

6. Orzamento detallado, agrupado por partidas, en documento normalizado (modelo D), dos gastos necesarios para a execución do proxecto.

7. Declaración censual (modelo 036 ou 037) ou compromiso de comunicar o inicio de actividade á AEAT, cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.

8. Certificación de exención do IVE, se é o caso.

9. Certificación emitida pola entidade bancaria en que figure o número de conta de titularidade do solicitante na que quere percibir a axuda.

10. Plano de empresa (modelo E1) para os proxectos das medidas I e II, e plan de xestión (modelo E2) para os proxectos das medidas III, IV e V.

11. Plano do SIXPAC indicando as coordenadas da actuación.

12. Código de explotación agraria, para a medida I.

13. Certificado de empadroamento no domicilio familiar vinculado á explotación agraria e acreditación do grao de parentesco co seu titular, para os solicitantes da medida I.

14. Declaración do IRPF do titular da explotación agraria do último exercicio, para a medida I.

15. Informe da vida laboral da conta (ou contas) de cotización da persoa física ou entidade solicitante do ano anterior ao da presentación da solicitude, cando o proxecto crea ou consolida emprego, para as medidas I e II.

16. No caso de que unha actuación requira proxecto técnico visado polo colexio correspondente, presentarase un anteproxecto valorado del de modo que permita unha definición exacta da intervención que se vai realizar. Nos demais casos enviarase unha memoria valorada.

17. Tres ofertas como mínimo, de diferentes provedores, cando o gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de execución de obra, ou de 12.000 euros no de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, salvo que polas especiais características dos gastos non existan no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

18. Calquera outra documentación adicional que o interesado considere conveniente para a correcta avaliación e baremación do proxecto.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá o interesado para que a repare no prazo máximo e improrrogable de 10 días, e indicaralle que se non o fixese se lle terá por desistido da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non será necesario que os solicitantes presenten a documentación que xa conste en poder de Agader, sempre que indiquen os datos que permitan localizala e non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan. Cando un interesado presente solicitudes para varias liñas de subvención, a documentación que presente xunto cunha delas servirá tamén para a tramitación das restantes solicitudes, sempre que sinale, en relación a cada unha destas últimas, a solicitude coa que se atopa a documentación necesaria.

C) Consentimentos e autorizacións.

1. A presentación da solicitude de axuda comportará a autorización do solicitante para que Agader obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, polo que queda liberado o solicitante de achegar as correspondentes certificacións. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento; neste caso deberá entregar a certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

Se por razóns técnicas ou doutra índole as ditas certificacións non puidesen ser obtidas por Agader, poderán serlle requiridas ao solicitante.

Nos supostos previstos no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (LSG), as referidas certificacións poderán ser substituídas pola declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das referidas obrigas.

2. A presentación da solicitude de axuda tamén comportará a autorización do solicitante para que Agader, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que a desenvolve, poida consultar os seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Presidencia.

3. Segundo o previsto no artigo 15 da LSG, Agader publicará no DOG as subvencións concedidas ao abeiro destas bases.

4. Así mesmo, de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, Agader publicará na súa páxina web as concesións das axudas reguladas nestas bases, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos de carácter persoal e da súa publicación. Ademais, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a solicitude da axuda significa o consentimento para que os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso, sexan incluídos e feitos públicos no citado rexistro, que depende da Consellería de Facenda.

Non obstante, os interesados poderán pedir que non se fagan públicos os seus datos cando poidan afectar a honra e á intimidade persoal e familiar das

persoas físicas, segundo o establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio.

D) Instrución do procedemento, valoración dos proxectos e proposta de adxudicación.

Os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución realizaranse de oficio pola Subdirección de Coordinación e Planificación para o Desenvolvemento Rural.

Na fase de instrución do procedemento realizaranse, entre outras, as seguintes actuacións:

1. Control dos requisitos do solicitante establecidos nestas bases. A comprobación poderá ser documental ou mediante cruzamentos con distintas bases de datos, propias ou alleas, respectando en todo caso a normativa legal en materia de protección de datos persoais.

2. Control da conformidade da operación con estas bases reguladoras e coas disposicións autonómicas, estatais e comunitarias pertinentes, especialmente de carácter sectorial. Análise do proxecto e control da moderación dos custos propostos mediante os sistemas apropiados.

3. Control da aplicación dos criterios de baremación establecidos nestas bases.

As solicitudes serán valoradas en réxime de concorrencia competitiva, conforme aos criterios de adxudicación e baremación previstos nestas bases. Poderán excluírse os proxectos que, logo da súa valoración de acordo cos criterios aplicables, obteñan unha puntuación inferior a 30 puntos, ao considerarse que non acadan os niveis mínimos de viabilidade e cobertura dos obxectivos desta convocatoria.

No caso de empate, para desempatar terase en conta en primeiro lugar o criterio de localización xeográfica e en segundo lugar a data de presentación da solicitude.

4. Os proxectos admitidos recibirán unha porcentaxe de subvención en función dos puntos obtidos na valoración, segundo os criterios recollidos nestas bases. O resultado da análise plasmarase nun informe que o órgano de instrución elevará, xunto coa proposta de resolución definitiva, ao órgano competente para resolver.

5. A proposta de resolución expresará de forma motivada a relación de proxectos para os que se propón a concesión da axuda, coa identificación, en relación a cada proxecto, do beneficiario, medida, fontes de financiamento, importe e porcentaxe da subvención proposta respecto dos conceptos, a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala e máis, se é o caso, as condicións xerais ou especiais que deban cumprirse para poder percibir a axuda. De ser o caso, tamén conterá dúas listas, unha para as medidas I e II e outra para as medidas III, lV e V, dos proxectos admitidos que non obtivesen subvención polo esgotamento do orzamento dispoñíble. Así mesmo expresará, de xeito motivado, a relación de proxectos para os cales non se propón a concesión de subvención, por falta de documentación, por non reunir os requisitos ou por non acadar a puntuación mínima necesaria.

6. No suposto de que algún beneficiario renuncie á subvención concedida, decaia no dereito á súa percepción ou proceda o reintegro de acordo co previsto nestas bases e na normativa que resulte de aplicación, os créditos liberados poderán asignarse por orde decrecente de puntuación aos proxectos admitidos que non obtivesen subvención por esgotamento do crédito previsto. Actuarase de igual xeito cando, por razóns de dispoñibilidade orzamentaria, se acorde incrementar o crédito máximo inicialmente establecido nesta convocatotoria.

E) Resolución das solicitudes.

O director xeral de Agader resolverá motivadamente a selección dos proxectos. O prazo para ditar resolución expresa e notificala aos interesados será de seis meses contados desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo para presentación das solicitudes. O interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo transcorrido o prazo anterior sen que se teña notificado a resolución expresa.

Ademais de publicarse no DOG as subvencións concedidas ao abeiro destas bases, as notificacións vinculadas a este procedemento, ao tratarse dun procedemento selectivo de concorrencia competitiva e acolléndose ao recollido no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, farase ao través do taboleiro de anuncios da sede da Agader (rúa dos Camiños da Vida, s/n, edif. Witland, 2ºA, Santiago de Compostela) e na web de Agader http://agader.xunta.es.

Notificada a resolución, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días, contados desde a notificación de concesión da subvención, para comunicarlle a Agader a súa aceptación. Transcorrido ese prazo sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada a dita resolución.

F) Xustificación e pagamento das axudas.

O beneficiario xustificará a subvención documentalmente e presentará todos os permisos e licenzas obrigatorios para a posta en marcha do proxecto, así como toda a documentación requirida na resolución de concesión da subvención, e solicitará o pagamento mediante a presentación do modelo G.

Cando o importe que derive da solicitude de pagamento presentada polo beneficiario exceda en máis do 3% da comprobación efectuada por Agader sobre a admisibilidade dos gastos, aplicarase unha redución adicional pola diferenza entre ambos os importes.

Para cada un dos gastos realizados presentaranse as facturas orixinais ou documentos probatorios de

valor equivalente e os documentos xustificativos que aseguren a efectividade do pagamento. As facturas presentaranse en orixinal, e marcaranse cun selo indicando nel a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando, neste último caso, a porcentaxe que resulte afectada pola subvención e, posteriormente, devolveranse ao promotor.

Considéranse documentos xustificativos do pagamento das facturas os seguintes:

-Xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo polo portelo, certificación bancaria), en que conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir co beneficiario da axuda, e a identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

-Efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado. Neste caso, achegarase copia do efecto mercantil acompañada da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) na cal conste claramente que o efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.

Non se admitirán pagamentos en metálico.

No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura á cal se imputa o pagamento.

No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, a xustificación do pagamento realizarase mediante a achega do correspondente extracto bancario, acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagos realizados, orde de pagamentos da empresa selada polo banco ou recibín do provedor.

Para os efectos da súa xustificación, as facturas que se paguen de xeito fraccionado deberán incluírse no expediente nunha única solicitude de pagamento.

Os gastos xustificados deberán ter correspondencia clara coas partidas do orzamento aceptadas por Agader na resolución de concesión da subvención e responder de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada. Sen necesidade de instar procedemento de modificación da subvención, Agader poderá aceptar variacións nas partidas de gasto aprobadas, coa condición de que as variacións non superen en conxunto o 20% do orzamento, que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non desvirtúen as características do proxecto e condicións que foron tidas en conta para a resolución de concesión.

Se o beneficiario xustifica conceptos e elementos subvencionables aprobados que representen máis do 60% do importe do investimento subvencionable, percibirá a subvención proporcional correspondente ao investimento xustificado admisible, sempre que cumpra o resto das condicións de concesión e a finalidade ou obxectivos para os que se concedeu a axuda.

Na fase de xustificación do gasto Agader poderá contrastar os prezos achegados polo beneficiario por calquera dos medios previstos no artigo 30, número 5º, da LSG co fin de comprobar que os gastos subvencionables se axustan ao valor de mercado. En caso de discrepancia minoraranse os importes aprobados na concesión da axuda.

No caso dunha actuación que requira proxecto técnico visado polo colexio oficial correspondente, o promotor deberá xuntar á xustificación unha copia do resumo do orzamento por capítulos e da súa memoria. Neste suposto, Agader exixirá a presentación de certificacións de obra asinadas por técnico competente.

Cando a subvención se conceda para a adquisición de maquinaria e equipamento, no momento da xustificación deberase xuntar unha relación dos equipamentos subvencionados en que conste a marca, modelo e o número de serie ou referencia equivalente para a súa identificación. Estes mesmos datos deben figurar, ademais, na correspondente factura.

Se o proxecto supón a adquisición de bens inmobles ou terreos debe presentarse un certificado dun taxador independente cualificado ou dun organismo debidamente autorizado (cámara oficial, etc.) que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado e que o ben se axusta á normativa que resulte de aplicación.

Cando a subvención se conceda para a realización de estudos, proxectos técnicos, planos e documentos similares, entregaráselle a Agader un exemplar en soporte informático adecuado para posibilitar a súa difusión. Tamén se deben presentar copias se hai edición de libros, folletos, guías, etc. Se se subvencionan seminarios ou actividades semellantes entregarase unha copia dos temas tratados e as conclusións.

Cando o beneficiario teña a obriga de solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, deberá xustificar nunha memoria a elección da oferta cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

O beneficiario deberá acreditar, se é o caso, que aplicou á actividade subvencionada os rendementos financeiros xerados polos fondos librados por Agader.

No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o beneficiario volverá presentar a declaración contida no modelo B sobre o conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, con identificación explícita da convocatoria e diario oficial de publicación.

Na fase de pagamento realizaranse as seguintes verificacións:

-Control da xustificación documental da subministración efectiva do produto ou servizo cofinanciado.

-Verificación da autenticidade dos gastos declarados, que se xustificarán mediante factura ou documento probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo as disposicións do regulamento polo cal se regulan as obrigas de facturación (Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, modificado polo Real decreto 87/2005, do 31 de xaneiro), xunto coa proba do pagamento real dos importes xustificados.

-Control do remate da operación obxecto da solicitude de pagamento. As operacións de investimento incluirán unha visita in situ para comprobar o remate da operación obxecto da solicitude de pagamento. Os gastos xustificados deben coincidir cos compromisos adquiridos segundo a resolución de concesión da subvención e xustificarase o número de empregos creados.

O prazo límite para a xustificación dos investimentos vinculados ao proxecto será o que se estableza na convocatoria.

Non obstante, cando non se poida realizar a dita xustificación no prazo previsto, o beneficiario, solicitaralle ao director xeral de Agader a oportuna prórroga, que deberá ser solicitada antes de que remate o prazo inicialmente previsto para a xustificación e nunca superará a metade do prazo inicialmente concedido.

Transcorrido o prazo establecido na convocatoria ou, de ser o caso, na resolución de concesión de prórroga, para a xustificación dos investimentos sen terse presentado esta, requirirase o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comporta a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades que derivan da LSG.

Previamente ao pagamento deberá acreditarse que o beneficiario está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento débedas por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nin é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Na primeira solicitude de pagamento deberá presentar a documentación acreditativa da titularidade dos terreos ou inmobles sobre os que se executa o proxecto, ou da dispoñibilidade súa durante un período mínimo equivalente a aquel en que se vai exixir a permanencia do investimento.

Para proceder ao pagamento final do expediente, o promotor deberá presentar os permisos, inscricións e/ou licenzas requiridas pola normativa autonómica ou local para o tipo de actividade de que se trate.

Poderán concederse pagamentos a conta e pagamentos anticipados de conformidade co disposto no artigo 31.6º da LSG, nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009 e no artigo 56 do Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro.

Poderán realizarse pagamentos á conta cando o investimento aprobado sexa de contía igual ou superior a 30.000 € e o gasto xustificado en cada pagamento supere o 25% do referido investimento.

Se o pagamento á conta ou o sumatorio dos importes dos pagamentos á conta e anticipados é igual ou superior a 18.000 € o beneficiario deberá constituír, con carácter previo ao pagamento, unha garantía bancaria nos termos previstos no artigo 67 do Decreto 11/2009, que deberá cubrir o 110% das cantidades aboadas.

Os beneficiarios das medidas de investimento poderán solicitar o aboamento dun pagamento anticipado, que non poderá superar o 50% da axuda concedida, sen que, en ningún caso, supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

O pagamento dos anticipos supeditarase á constitución dunha garantía do 110% do importe correspondente.

A garantía a que se refiren os dous parágrafos anteriores terá validez ata que Agader autorice a súa cancelación ou devolución, unha vez que o promotor acredite a realización e pagamento dos investimentos e o cumprimento dos obxectivos e condicións estipulados na resolución de concesión da axuda.

O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen, non poderá ser superior o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

G) Reintegro da subvención.

Procederá o reintegro das contías percibidas indebidamente, e a exixencia dos xuros de demora calculados entre o tempo que medie entre a notificación da resolución do procedemento de reintegro ao interesado e o seu reembolso efectivo polo obrigado (segundo a Instrución do organismo pagador OP/5/2008, relativa a determinados aspectos sobre a recuperación dos pagamentos indebidos con cargo aos fondos Feader), nos supostos previstos no artigo 33.1º da LSG.

O procedemento de reintegro tramitarase nos termos previstos no artigo 77 do Decreto 11/2009.

Non procederá o reintegro da axuda nos seguintes supostos:

1, Longa incapacidade laboral do beneficiario.

2. Expropiación dunha parte importante da empresa ou ben subvencionable, se esta expropiación non era previsible o día en que se concedeu a subvención.

3. Catástrofe natural grave que afecte considerablemente os bens da empresa subvencionada e impida o seu normal funcionamento.

H) Modificación da subvención.

Toda alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da subvención concedida. En particular, a variación do orzamento aceptado pola Agader, coa precisión sinalada na alínea F), e a obtención concorrente de subvencións, axudas ou recursos outorgados por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da subvención concedida. Tamén darán lugar á modificación da subvención a alteración das condicións establecidas na resolución de adxudicación da subvención e o incumprimento das circunstancias tidas en conta para a baremación do proxecto.

Una vez recaída a resolución de concesión e, en todo caso, antes de que remate o prazo para a realización da actividade, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido.

No suposto de que as novas circunstancias afecten criterios tidos en conta no baremo, procederase a rebaremar o proxecto, podendo, neste caso, dar como resultado unha modificación, á baixa, da subvención concedida ou a perda do dereito.

Para a modificación da resolución de concesión non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución tiveron lugar con posterioridade a ela.

Os beneficiarios terán a obriga de comunicar a Agader calquera alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión da subvención.

A modificación poderase autorizar sempre que:

a) A modificación solicitada non desvirtúe a finalidade da axuda e non supoña incremento do orzamento.

b) Non exista prexuízo a terceiros.

c) Os novos elementos e circunstancias que motivan a modificación, de concorreren na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda.

I) Obrigas dos beneficiarios.

Con carácter xeral, son obrigas dos beneficiarios as establecidas no artigo 11 da LSG e, en particular, as establecidas nestas bases reguladoras e na resolución de concesión.

Cando un beneficiario non poida executar o proxecto deberá renunciar á subvención. A non renuncia poderá conducir á instrución dun expediente sancionador en materia de subvencións. A solicitude de renuncia efectuarase no modelo F e Agader deberá pronunciarse para tal efecto.

Os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar, en nome e por conta deste, a totalidade ou parte das actividades que fundamenten a concesión terán tamén a consideración de beneficiarios da subvención, polo que tamén deberán cumprir e acreditar os requisitos exixidos para cada tipo de beneficiario.

Con carácter xeral, o beneficiario está obrigado a respectar o destino do investimento, polo menos, os cinco anos posteriores á data da resolución de pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes.

Os bens subvencionados quedarán afectos á actividade subvencionada un mínimo de cinco anos desde a resolución de pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes. Para garantir o cumprimento deste compromiso, Agader poderá solicitar que se constitúa un aval pola contía da subvención concedida.

No caso de bens inscritibles nun rexistro público deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser inscritos estes aspectos no rexistro público correspondente.

No caso de subvencións á compra de maquinaria agrícola, deberá acreditarse a súa inscrición no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) da provincia que lle corresponda, segundo o previsto na Orde do MAPA do 28 de maio de 1987 (BOE nº 138, do 10 de xuño).

No caso de estudos, planos e outros de natureza similar, o beneficiario deberá garantir a súa dispoñibilidade pública durante un período mínimo de cinco anos contado desde a resolución de pagamento final do proxecto.

Os beneficiarios deben publicitar a concesión da axuda do seguinte xeito:

-Se o investimento consiste en obra civil, mediante unha placa cos logotipos das administracións financiadoras.

-Se o investimento consiste en maquinaria ou elementos móbiles, mediante a instalación dun adhesivo perdurable cos logotipos das administracións financiadoras.

-Para estudos ou materiais gráficos, mediante a inclusión dos logotipos das administracións financiadoras na portada dos documentos xerados.

O tamaño mínimo da placa será A4 (297x210 mm). No caso de adhesivos a súa dimensión adaptarase ao tamaño do obxecto. Agader facilitará modelos aos beneficiarios.

-Cando o orzamento da obra civil supere os 100.000 euros, o beneficiario colocará un valo

publicitario durante a execución das obras, que para infraestruturas superiores a 500.000 euros será permanente.

O 25% do espazo, como mínimo, dos paneis e placas estará ocupado pola descrición do proxecto, o logotipo do Feader e o lema Feader: Europa inviste no rural. Todas as actividades informativas e publicitarias incorporarán a bandeira europea e o lema anterior.

As publicacións, carteis, audiovisuais e calquera información ofrecida por medios electrónicos que versen sobre medidas e actividades subvencionadas con estas axudas indicarán claramente na páxina de portada a participación da Comunidade Europea e a contribución do Feader ao financiamento.

O beneficiario deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, polo menos, durante o período de permanencia dos investimentos e está obrigado a facilitar a información que lle requira Agader e a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

J) Conceptos subvencionables.

A expensas do establecido na normativa específica de cada medida, con carácter xeral serán subvencionables os seguintes conceptos:

1. Construción ou mellora de inmobles. Os bens inmobles só poderán utilizarse en relación cos obxectivos do proxecto.

2. Adquisición de terreos non edificados, ata un máximo do 10% do gasto subvencionable, e adquisición de edificios xa construídos e os terreos sobre os que se asentan, ata un máximo do 25% do gasto subvencionable. En ambos casos axustarase aos seguintes condicionantes:

a) Deberá achegarse un certificado dun taxador independente cualificado ou dun organismo debidamente autorizado (cámara oficial, etc.) que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado e que o ben se axusta á normativa que resulte de aplicación.

b) Deberá acreditarse mediante declaración do propietario que o ben inmoble non recibiu nos últimos 10 anos ningunha subvención nacional ou comunitaria.

c) Os bens inmobles só poderán utilizarse en relación cos obxectivos do proxecto. Os edificios non poderán albergar servizos administrativos de carácter público.

En casos excepcionais e debidamente xustificados, Agader poderá autorizar -con conformidade previa da autoridade de xestión do PDR-a superación do límite do 10% para adquisición de terreos en operacións relacionadas coa conservación do ambiente.

3. Adquisición de maquinaria, equipamento e material non funxible necesarios para o desenvolvemento da actividade, incluído o equipamento e aplicacións informáticas, ata o valor de mercado.

O equipamento e maquinaria de ocasión ou de segunda man só se admitirá en operacións de pemes e en casos debidamente motivados e serán subvencionables nas seguintes condicións:

-Que se presente unha declaración do provedor sobre a orixe do ben, confirmando que non foi adquirido con axudas nacionais ou comunitarias.

-Que se xustifique que o prezo é inferior ao do equipamento ou maquinaria nova e non supera o valor de mercado.

-Que cumpra as características técnicas necesarias, así como as normas e criterios de aplicación.

4. IVE non recuperable cando sexa custeado de forma efectiva e definitiva por beneficiarios distintos das persoas que non son suxeitos pasivos, a que se refire a Sexta Directiva 77/388/CEE. Os concellos e organismos de dereito público non teñen a consideración de suxeito pasivo, nos termos previstos no artigo 13, alínea 1 da Directiva 2006/112/CE do Consello. Polo tanto, o IVE soportado por estes non será subvencionable.

5. Custos xerais asociados aos investimentos que se efectúen, tales como estudos de viabilidade, honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores, ou adquisición de dereitos de patentes e licenzas. O importe total dos custos xerais non poderá superar o 20% do gasto subvencionable.

No caso de medidas amparadas no Regulamento xeral de exención por categorías, a subvencionabilidade dos activos inmateriais vinculados á transferencia de tecnoloxía mediante a adquisición de dereitos de patentes, licenzas, *know-how* ou coñecementos técnicos non patentados, deberá cumprir as seguintes condicións:

-Utilizaranse exclusivamente no establecemento beneficiario da axuda.

-Consideraranse activos amortizables.

-Serán adquiridos a terceiros en condicións de mercado sen que o adquirente estea en posición de exercer control sobre o vendedor ou viceversa.

6. Para empresas de nova creación nas medidas I e II: os gastos de constitución (gastos notariais, rexistrais e administrativos). A porcentaxe de axuda para estes gastos, en concepto de prima de inicio, será en cada proxecto a mesma que para os investimentos e o importe total da axuda para estes gastos non poderá superar os 12.000 € por proxecto.

7. Para proxectos que impliquen a dotación de novos servizos de carácter innovador non existentes no concello (medida IV): gastos necesarios para a posta en marcha e xestión dos novos servizos.

O importe total da axuda destinada a estes gastos non poderá superar o 20% da subvención total ao proxecto.

8. Medios e equipamentos de transporte nos seguintes termos:

-En proxectos de natureza produtiva, será subvencionable a adquisición e/ou adecuación de vehículos de transporte industrial e comercial. En ningún caso se subvencionarán os medios e equipos de transporte no sector do transporte.

-En proxectos de natureza non produtiva subvencionaranse equipamentos e medios de transporte para a prestación de servizos necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

9. Achegas en especie, que se limitarán a man de obra voluntaria non remunerada, traballos realizados con maquinaria propia e materias primas para rehabilitación. O valor destas contribucións deberá poder calcularse e auditarse por separado, e non poderán estar vinculadas a operacións de enxeñaría financeira.

O gasto público destinado a unha operación que inclúa contribucións en especie non poderá ser superior ao total dos gastos, excluídas as contribucións en especie, ao final da operación. A valoración das achegas en especie calcularase con base nos custos que figuran nas bases de datos agroforestais de Galicia-1999 e bases de datos construción Galicia-12ª edición (*Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia*, http://www.presupuesta.com) e deberá xuntarse un informe elaborado por un técnico competente na materia en que se valoren detalladamente os custos da achega en especie. O máximo autorizado para man de obra voluntaria non remunerada será de 10 €/hora.

No caso de que para a subvencionabilidade do investimento sexa exixible proxecto de obra, no seu orzamento as achegas en especie deberán aparecer diferenciadas e desagregadas do resto das unidades de obra.

As achegas en especie deberán recollerse no orzamento presentado coa solicitude e non se admitirán posteriores inclusións e/ou modificacións o alza.

Con carácter xeral, para todas as operacións, non son:

1. O IVE, excepto o IVE non recuperable nos proxectos non produtivos cando sexa custeado de forma efectiva e definitiva polo suxeito pasivo.

Os concellos e demais entidades de dereito público non teñen a consideración de suxeito pasivo, nos termos previstos no artigo 13, número 1 da Directiva 2006/112/CE do Consello.

2. Os gastos de funcionamento da actividade subvencionada e material funxible en xeral.

3. Os gastos anteriores á elaboración dunha acta de non inicio, a excepción dos gastos recollidos na alínea A) punto 1 destas bases, ou ben anteriores á presentación da solicitude de axuda, respecto daqueles proxectos que non requiran acta de non inicio.

4. A reposición ou mera substitución de equipamento e maquinaria, salvo cando supoña a ampliación da capacidade de produción en máis dun 25% ou un incremento de potencia ou cando a substitución implique a introdución de cambios fundamentais na natureza da produción ou a tecnoloxía correspondente.

5. As obras de mantemento das instalacións.

6. As taxas e licenzas administrativas.

7. Os gastos de aluguer de equipamento e os investimentos financiados mediante arrendamento financeiro.

8. As partidas de gastos xerais e beneficio industrial dos proxectos, agás nos proxectos de promoción pública, cando estas partidas formen parte do prezo de licitación de acordo coa normativa de contratación administrativa.

K) Criterios de baremación.

1. Proxectos produtivos (medidas I e II).

I. Localización xeográfica do proxecto: 30 puntos.

Valoraranse dous aspectos: o nivel de desenvolvemento económico do concello medido polo Indicador Municipal da Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2003 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e a variación da poboación do concello no período 2003-2008 segundo os datos do padrón municipal de habitantes. O IMRF terá un peso de 15 puntos, e a variación da poboación 15.

1. Asignación de puntuación para o IMRF (sendo 100 a media galega):

-Concellos cun IMRF inferior ou igual a 70: 15 puntos.

-Concellos cun IMRF maior de 70 e menor ou igual a 80: 12 puntos.

-Concellos cun IMRF maior de 80 e menor ou igual a 90: 8 puntos.

-Concellos cun IMRF maior de 90 e menor ou igual a 100: 4 puntos.

-Concellos cun IMRF maior de 100: 0 puntos.

2. Asignación de puntuación para a variación da poboación:

-Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ao 10%: 15 puntos.

-Concellos cunha caída da poboación maior o igual ao 7,5% e menor do 10%: 12 puntos.

-Concellos cunha caída da poboación maior o igual ao 5% e menor do 7,5%: 9 puntos.

-Concellos cunha caída da poboación maior o igual ao 2,5% e menor do 5%: 6 puntos.

-Concellos cunha caída da poboación igual ou maior que 0 e inferior a 2,5%: 3 puntos.

-Concellos que incrementan poboación: 0 puntos.

Os proxectos localizados nos parques empresariais non comprendidos nas zonas de reequilibrio do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010 obterán 0 puntos por localización xeográfica.

II. Creación de emprego: 30 puntos.

a) Volume de empregos creados: 20 puntos. Os empregos computaranse polo equivalente anual de empregos a tempo completo. Terase en conta o emprego neto creado: 4 puntos por emprego, ata un máximo de 20 puntos.

b) Incidencia na creación de emprego para determinados colectivos: 10 puntos.

Este criterio valorarase segundo o número de empregos directos creados que correspondan aos seguintes colectivos:

-Persoas no paro de longa duración: 1 punto por emprego, ata un máximo de 2 puntos.

-Persoas menores de 40 anos: 1 punto por emprego, ata un máximo de 2 puntos.

-Persoas con discapacidade: 1 punto por emprego, ata un máximo de 2 puntos.

-Persoas inmigrantes ou emigrantes retornados: 1 punto por emprego, ata un máximo de 2 puntos.

-Mulleres: 1 punto por emprego, ata un máximo de 2 puntos.

III. Capacidade dinamizadora da iniciativa no seu contorno: 20 puntos.

Este criterio valorará o efecto multiplicador do proxecto e a súa capacidade motora para o desenvolvemento económico da zona, concretada nos seguintes aspectos:

-Capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona ou afianzar empresas e actividades existentes: 10 puntos.

-Transformación de produtos da zona: 5 puntos.

-Porcentaxe de utilización, dentro dos inputs, de recursos da zona, que contribúa á valorización dos mesmos: 5 puntos.

IV. Innovación do proxecto: 10 puntos.

O grao de innovación do proxecto valorarase atendendo a:

-Utilización de enerxías renovables e/ou incorporación de TIC: 5 puntos.

-Incorporación de innovacións tecnolóxicas e novas formas de explotación dos recursos ou prestación de servizos no territorio no que se executa o proxecto: 5 puntos.

V. Incidencia na mellora ambiental: 7 puntos.

Valoraranse aqueles aspectos do proxecto que teñan incidencia ambiental positiva que favorezan o desenvolvemento sustentable do contorno natural ou ben que contribúan a minorar os danos ou problemas ambientais existentes.

VI. Utilización do galego: 3 puntos.

Valorarase o compromiso de utilización da lingua galega por parte do promotor na execución e desenvolvemento do proxecto, de acordo co previsto no artigo 20.2º.l da LSG. Este compromiso formalizarase marcando a epígrafe correspondente no modelo C1 ou C2.

2. Proxectos non produtivos (medidas III, IV e V).

Para estes efectos, terán a consideración de proxectos non produtivos aqueles que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter aqueloutros proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica, ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio de que se trate e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro.

I. Localización xeográfica do proxecto: 30 puntos.

Valoraranse dous aspectos: o nivel de desenvolvemento económico do concello medido polo Indicador Municipal da Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2003 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e a variación da poboación do concello no período 2003-2008 segundo os datos do padrón municipal de habitantes. O IMRF terá un peso de 15 puntos, e a variación da poboación 15.

1. Asignación de puntuación para o IMRF (sendo 100 a media galega):

-Concellos cun IMRF inferior ou igual a 70: 15 puntos.

-Concellos cun IMRF maior de 70 e menor ou igual a 80: 12 puntos.

-Concellos cun IMRF maior de 80 e menor ou igual a 90: 8 puntos.

-Concellos cun IMRF maior de 90 e menor ou igual a 100: 4 puntos.

-Concellos cun IMRF maior de 100: 0 puntos.

2. Asignación de puntuación para a variación da poboación:

-Concellos cunha caída da poboación maior ou igual ao 10%: 15 puntos.

-Concellos cunha caída da poboación maior o igual ao 7,5% e menor do 10%: 12 puntos.

-Concellos cunha caída da poboación maior o igual ao 5% e menor do 7,5%: 9 puntos.

-Concellos cunha caída da poboación maior o igual ao 2,5% e menor do 5%: 6 puntos.

-Concellos cunha caída da poboación igual ou maior que 0 e inferior a 2,5%: 3 puntos.

-Concellos que incrementan poboación: 0 puntos.

Os proxectos localizados nos parques empresariais non comprendidos nas zonas de reequilibrio do Plan

de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010 obterán 0 puntos por localización xeográfica.

II. Integración e innovación do proxecto: 15 puntos.

O grao de integración e innovación do proxecto valorarase atendendo a:

-Creación de novos servizos que contribúan á mellora da calidade de vida da poboación da zona: 3 puntos.

-Actuacións integrais que favorezan a aparición de actividades produtivas: 3 puntos.

-Coherencia da actuación co contorno no que se vai desenvolver: 3 puntos.

-Interese do ben que se vai valorizar: 3 puntos.

-Utilización de enerxías renovables e/ou incorporación das TIC: 3 puntos.

III. Implicación e ámbito de actuación do proxecto: 15 puntos.

1. Cooperación de varias entidades.

-Entre entidades do mesmo concello no que se localice o proxecto e coopere nel: ata 4 puntos.

-Entre entidades de distinto concello no que se localice o proxecto e coopere nel: ata 6 puntos.

2. Ámbito de actuación do proxecto.

-Municipal: 3 puntos.

-Supramunicipal: 5 puntos.

IV. Incidencia do proxecto sobre a calidade de vida e o tecido socioeconómico: 30 puntos.

Valorarase a integralidade das actuacións e a súa capacidade de influencia sobre o tecido socioeconómico do seguinte xeito:

-Actuacións dentro la liña A) da medida III; actuacións da medida IV e proxectos integrais da Medida V: 12 puntos.

-Actuacións da liña B) da medida III e demais actuacións: 8 puntos.

-Pola calidade do programa de xestión, mantemento e promoción: 10 puntos.

-Incidencia sobre colectivos determinados (dependentes, mulleres, persoas maiores, persoas menores de 40 anos, inmigrantes ou emigrantes retornados): 8 puntos.

V. Incidencia na mellora ambiental: 7 puntos.

Valoraranse aqueles aspectos do proxecto que teñan incidencia ambiental positiva que favorezan o desenvolvemento sustentable do contorno natural ou ben que contribúan a minorar os danos ou problemas ambientais existentes.

VI. Utilización do galego: 3 puntos.

Valorarase o compromiso de utilización da lingua galega por parte do promotor na execución e desenvolvemento do proxecto, de acordo co previsto no artigo 20.2º.l da LSG. Este compromiso formalizarase marcando a epígrafe correspondente no modelo C1 ou C2.

L) Normativa de aplicación.

Na medida en que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras están previstas pola UE, rexeranse polas seguintes normas:

-Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, aprobado por Decisión da Comisión C (2008) 703, do 15 de febreiro de 2008.

-Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader), modificado polo Regulamento (CE) 74/2009, do 19 de xaneiro e 473/2009, do 25 de maio, do Consello.

-Regulamento (CE) 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, modificado polos regulamentos (CE) 1175/2008, do 27 de novembro, 363/2009, do 4 de maio e 482/2009, do 8 de xuño, da Comisión.

-Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión, do 7 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 no que respecta á aplicación dos procedementos de control e condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural, modificado polo Regulamento (CE) 484/2009, do 9 de xuño.

-Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas.

-Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*.

-Directrices relativas á subvencionabilidade dos gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Feader (BOE nº 233, do 26 de setembro de 2009).

Así mesmo, rexeranse pola normativa aplicable ás axudas e subvencións na comunidade autónoma, en particular a seguinte:

-Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

-Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

-Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

M) Réxime de recursos.

As resolucións dos procedementos instruídos ao abeiro destas bases esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpor os seguintes recursos:

-Potestativamente, recurso de reposición ante o Consello de Dirección de Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, se a resolución é expresa. Se non o é, o prazo será de tres meses contados desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

-Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación, se a resolución é expresa. Se non o é, o prazo será de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.

II. Normas específicas para cada medida.

*Medida I. Diversificación cara a actividades non agrarias.

1. Obxecto.

O obxecto destas axudas é ampliar o abano de actividades desenvolvidas no marco das explotacións agrarias, incentivando a súa diversificación. En xeral, concederanse subvencións que fomenten o inicio ou mellora de calquera actividade produtiva non agraria, que supoña un complemento á renda dos agricultores e permita un mellor aproveitamento das infraestruturas e bens de capital existentes na explotación ou da man de obra excedente.

2. Beneficiarios.

Os beneficiarios da axuda serán os membros dunha unidade familiar ligada a unha explotación agraria, entendendo como tales as persoas físicas ou xurídicas, ou grupo de persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades agrarias nunha explotación no momento de solicitar a axuda. A explotación deberá estar en posesión do Código de Explotación Agraria e o titular da explotación deberá obter como mínimo o 15% da súa renda total da actividade agraria realizada na explotación. A acreditación da pertenza á unidade familiar efectuarase coa presentación do certificado de empadroamento.

Quedan excluídos desta medida os asalariados agrarios.

Os beneficiarios deben ter a consideración de microempresa, pequena empresa, ou mediana empresa e cumprir co criterio de independencia, nos termos que se establecen no anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías.

Os requisitos para obter a condición de beneficiarios deberanse cumprir, como máis tarde, na data límite de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3. Actividades subvencionables.

Transformación e comercialización de produtos agrarios ou especialidades locais na propia explotación, con especial atención aos produtos amparados en denominacións de calidade, sempre que os produtos incluídos no anexo I do Tratado CE teñan carácter secundario no conxunto do proxecto subvencionado.

Elaboración e venda na explotación de produtos de artesanía.

Actividades de segunda transformación de produtos forestais madeireiros.

Agroturismo: acondicionamento e mellora das instalacións da explotación agraria para a súa utilización como aloxamento de capacidade reducida (máximo de 20 prazas) e outros servizos turísticos complementarios dirixidos aos hóspedes aloxados, como servizos de restauración, instalacións deportivas, recreativas ou actividades complementarias (visitas ou percorridos turísticos, degustacións gastronómicas etc.).

Actividades culturais, recreativas ou deportivas (rutas de senderismo, bicicleta, ecuestres etc.), formativas ou didácticas (granxas-escola, visitas guiadas etc.), ambientais (centros de interpretación da natureza, aulas da natureza etc.) asociadas á valorización dos recursos patrimoniais, histórico-culturais, naturais ou paisaxísticos ou a ecosistemas agrarios e/ou forestais presentes na zona.

Actividades de subministración de produtos e servizos a empresas do sector primario (agrario e forestal), á industria agroalimentaria e, en xeral, ao sector industrial ou do sector servizos.

Servizos á poboación, tales como servizos de atención á infancia, asistencia a maiores e discapacitados, servizos educativos e relacionados co desenvolvemento das TIC.

Con carácter xeral, a actividade de diversificación levarase a cabo nas instalacións da propia explotación. Non obstante, cando a normativa sectorial ou urbanística de aplicación impida o anterior, será suficiente con que a actividade se desenvolva na área rural próxima á explotación agraria.

4. Tipo e intensidade da axuda.

As axudas poderán consistir en subvencións de capital e primas de inicio.

A intensidade da axuda poderá alcanzar, como máximo, o 50% (40% no caso das medianas empresas) dos gastos elixibles e a súa cuantía non superará o importe máximo de 200.000 € por proxecto.

Con carácter xeral, deberán respectarse os requisitos e a intensidade de axuda máxima fixada nas seccións 1 ou 5, segundo corresponda, do capítulo 2 do Regulamento xeral de exención por categorías.

Non obstante, os gastos incluídos na prima de inicio ampáranse no Regulamento (CE) 1998/2006 da

Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*.

5. Normas e restricións.

A creación de novas prazas de aloxamento só será financiable no caso de establecementos de turismo rural do grupo C (agroturismo).

Ademais do anterior, admitirase a creación de prazas de aloxamento como unha actividade complementaria a outra actividade principal, de carácter educativo, cultural ou ambiental. Neste caso, o gasto elixible vinculado ás prazas de aloxamento non poderá superar o 30% do investimento total do proxecto.

En todo caso, a aprobación de proxectos que impliquen a creación de novas prazas de aloxamento estará condicionada a que non exista no concello unha saturación da oferta aloxativa, extremo que será avaliado por Agader con base na información subministrada pola Secretaría Xeral para o Turismo.

Non se financiarán investimentos en deportes náuticos, actividades hípicas, campamentos de verán e campos de golf.

*Medida II. Creación e desenvolvemento de microempresas.

1. Obxecto.

O obxectivo desta medida é contribuír á xeración de novos empregos e á dinamización económica dos territorios rurais, a través do apoio á creación e desenvolvemento de microempresas.

2. Beneficiarios.

Persoas físicas ou xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

-Ter a condición de microempresas nos termos definidos no anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías: aquela que ocupa a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros. Os datos para o cálculo de efectivos, os importes financeiros e o período de referencia serán os referidos nos artigos 4 e 5 do anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías.

-Cumprir co criterio de independencia, nos termos que se establecen no anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías.

Os requisitos para obter a condición de beneficiarios deberanse cumprir, como máis tarde, na data límite de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3. Actividades subvencionables.

Creación, modernización, ampliación de pequenas unidades de produción no medio rural, nos seguintes ámbitos:

-Transformación e comercialización de produtos agrarios e alimentarios.

-Industrias de segunda transformación de produtos forestais madereiros.

-Outras industrias manufactureiras.

-Hostalaría e comercio polo miúdo.

-Servizos á empresas e á población.

-Artesanía.

-Actividades turísticas, deportivas ou recreativas.

Nos proxectos de creación de microempresas é requisito necesario a xeración de emprego, como mínimo, equivalente a 0,25 emprego anuais. Para estes efectos, enténdese por xeración de emprego a creación de novos postos de traballo, fixos, eventuais, a tempo parcial ou a tempo completo, independentemente do réxime laboral que os regule. Nos demais proxectos é requisito necesario o mantemento dos empregos existentes.

4. Tipo e intensidade da axuda.

As axudas poderán consistir en subvencións de capital e primas de inicio.

A intensidade da axuda poderá alcanzar, como máximo, o 50% dos gastos elixibles e a súa contía non superará o importe máximo de 200.000 € por proxecto.

Con carácter xeral, deberán respectarse os requisitos e a intensidade de axuda máxima fixada nas seccións 1 e 5 do capítulo 2 do Regulamento xeral de exención por categorías.

Non obstante, os gastos incluídos na prima de inicio ampáranse no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*.

5. Normas e restricións.

Unicamente se admitirá a creación de prazas de aloxamento como unha actividade complementaria a outra actividade principal, de carácter educativo, cultural ou ambiental. Neste caso, o gasto elixible vinculado ás prazas de aloxamento non poderá superar o 30% do investimento total do proxecto.

En todo caso, a aprobación de proxectos que impliquen a creación de novas prazas de aloxamento estará condicionada a que non exista no concello unha saturación da oferta aloxativa, extremo que será avaliado por Agader con base na información subministrada pola Secretaría Xeral para o Turismo.

Non se financiarán investimentos en deportes náuticos, actividades hípicas, campamentos de verán e campos de golf.

*Medida III. Fomento de actividades turísticas.

1. Obxecto.

Constitúe o obxecto desta medida:

-A consolidación e mellora da oferta turística e as infraestruturas turísticas nas zonas rurais, apoiando actuacións que contribúan a crear condicións favorables para o desenvolvemento das iniciativas empresariais no sector.

-A posta en valor da riqueza histórica, cultural, patrimonial, natural e paisaxística das zonas rurais.

2. Beneficiarios.

Asociacións de empresarios do sector turístico no medio rural. Outras asociacións, fundacións e entidades privadas sen ánimo de lucro. Concellos, mancomunidades de concellos, consorcios e entidades dependentes das anteriores con participación maioritaria dos concellos.

Os requisitos para obter a condición de beneficiarios deberanse cumprir, como máis tarde, na data límite de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3. Actividades subvencionables.

Liña A) Desenvolvemento de novos produtos e servizos turísticos no medio rural.

a) Creación e desenvolvemento de produtos turísticos innovadores e diferenciados, especialmente as actuacións de xestión conxunta de servizos turísticos e as dirixidas ao desenvolvemento de produtos que integren unha oferta combinada de diversos servizos turísticos.

b) Accións de promoción e comercialización de produtos e servizos turísticos que aproveiten as vantaxes das TIC.

Liña B) Posta en valor e uso turístico do patrimonio natural e cultural do medio rural.

a) Infraestruturas turísticas de pequena escala dirixidas á información, atención e recepción dos visitantes.

b) Adecuación, acondicionamento e/ou equipamento de espazos naturais con fins recreativos ou turísticos (itinerarios ou circuítos temáticos, sendeiros de interpretación da natureza, adecuación de espazos para a práctica deportiva etc.).

c) Rutas de sendeirismo.

4. Tipo e intensidade da axuda.

No caso de proxectos promovidos por entidades públicas, a intensidade da axuda poderá chegar ao 100%. Nos demais casos, a intensidade da axuda será, como máximo do 75%. En ambos casos, a contía da axuda non superará o importe máximo de 200.000 € por proxecto.

A axuda para as actuacións incluídas na liña A) que teñan a consideración de axuda de estado ampárase no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*. As axudas que se concedan a entidades locais ou entidades dependentes destas, e a entidades privadas sen ánimo de lucro, na medida en que non exerzan unha actividade económica, non se cualifican como empresas no sentido do artigo 87.1º do Tratado CE, polo que non constitúen axudas de estado.

5. Normas e restricións.

Non serán subvencionables os proxectos que impliquen a creación de novas prazas de aloxamento.

Non se financiarán investimentos en deportes náuticos, actividades hípicas, campamentos de verán e campos de golf.

As rutas de sendeirismo deberán estar homologadas pola Federación Galega de Montañismo, estar xeorreferenciados nunha páxina web e ter un percorrido mínimo de 3 km.

A sinalización e paneis de información turística só serán financiables se están dentro de proxectos que formen parte do obxecto desta medida.

Os proxectos nos que máis do 80% do investimento consista na elaboración de estudos, proxectos técnicos e páxinas web terán un límite máximo de axuda de 30.000 € por proxecto.

*Medida IV. Servizos básicos para a economía e a poboación rural.

1. Obxecto.

O obxecto desta medida é apoiar a implantación e mellora dos servizos á poboación rural, en especial daqueles que respondan ás novas necesidades dos habitantes e empresas das áreas rurais.

2. Beneficiarios.

-Persoas xurídicas de dereito privado sen ánimo de lucro ou as súas agrupacións e asociacións: actividades subvencionables previstas na liña A).

-Asociacións e confederacións de empresarios e entidades públicas locais: actividades subvencionables previstas na liña B).

-Administración pública local: actividades subvencionables previstas na liña C).

Os requisitos para obter a condición de beneficiarios deberanse cumprir, como máis tarde, na data límite de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3. Actividades subvencionables.

Liña A). Proxectos sen ánimo de lucro dirixidos á implantación e/ou mellora de servizos, e as infraestruturas asociadas a estes, relacionados con educación, servizos sociais ou asistenciais (atención á infancia, maiores, minusválidos etc.), o acceso as TIC, servizos recreativos, culturais, deportivos, de lecer etc.

Liña B). Proxectos de creación e desenvolvemento de centros de servizos, outras infraestruturas para redes de cooperación e servizos entre empresas, así como equipamentos a pequena escala, que faciliten a implantación ou mellora de empresas en ámbitos rurais, fomentando, en especial, a redución da fenda dixital e a implantación de novas tecnoloxías.

Liña C). Investimentos que teñan como finalidade a creación ou mellora das infraestruturas vinculadas aos seguintes servizos básicos en áreas rurais:

-Servizos sociais, culturais e de entretemento (atención a maiores e minusválidos, servizos que permitan unha integración laboral plena das mulleres e outros colectivos desfavorecidos, mellora das infaestruturas de lecer).

-Servizos de transporte adaptados ás necesidades de áreas con baixa densidade de poboación.

-Proxectos de envergadura limitada con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables. Os proxectos limitarnase ao uso da enerxía solar fotovoltaica e/ou térmica en cubertas de instalacións municipais.

4. Tipo e intensidade da axuda.

A intensidade máxima da axuda poderá alcanzar ata o 100% para as entidades públicas e ata o 75% para outros beneficiarios. A contía da axuda non superará o importe máximo de 200.000 € por proxecto, agás para os proxectos de enerxías renovables que non superarán os 120.000 €.

